



Fundación Barrié 50 AÑOS

ENREDA NA REDE

 CONCURSO DE DESEÑO



PROGRAMA EDUCATIVO DE PREVENCIÓN
DE CONDUCTAS INFRACTORAS

BASES

1. TEMA

“2018: Enreda na rede” é un concurso destinado a adolescentes galegos organizado pola Fundación Barrié e a Asociación ARELA, dentro do seu programa **Ktorce18**.

Está baseado na **creación dun slogan e mais unha representación gráfica sobre o bo uso das redes sociais entre adolescentes**, o tema obxecto do traballo durante todo o ano 2018.

2. OBXECTIVOS

- Que os adolescentes reflexionen sobre a utilización das redes sociais de forma innovadora, achegando a súa visión persoal.
- Fomentar o debate na aula sobre o uso das novas tecnoloxías, identificando tanto condutas inadecuadas ou negativas, como os seus usos socialmente positivos.
- Implicar á comunidade educativa no Programa Ktorce-18.
- Dar protagonismo aos e ás adolescentes galegos.

3. PARTICIPANTES

Poden concursar alumnos/as matriculados/as durante o curso 2017-2018 en centros educativos de Galicia en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Medios de Formación Profesional.

4. TRABALLOS

Os traballos poden presentarse de xeito individual ou colectivo (aula completa, un grupo, etc...)

Deberán ser inéditos e orixinais debendo facer referencia á temática do concurso: o bo uso das redes sociais entre adolescentes.

5. INSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Para participar no concurso deberá presentarse:

1. **Ficha de inscrición** debidamente cuberta e asinada e selada polo centro educativo en que cursen estudos os/as participantes.
2. **O traballo** presentado:
 - Os/as participantes poden plasmar o seu slogan sobre unha imaxe, unha fotografía, un debuxo ou ilustración que deberán ser inéditas.
 - O deseño da ilustración e slogan deberán presentarse en formato dixital (formato png o jpeg). Pódese engadir, adxunto, un texto explicativo sobre o deseño (non máis dunha páxina A4).
 - Quedarán excluídos do concurso aqueles traballos que non fagan referencia á temática (o bo uso das redes sociais entre adolescentes) así como aqueles traballos

que presenten contidos nos cales se faga apoloxía da violencia, sexistas, obscenos ou xenófobos.

3. Autorización debidamente cuberta polo pai/nai outor/a legal.

Os traballos poden presentarse **entre o 15 de febreiro e o 15 de abril de 2018**, e serán remitidos polo centro educativo dos participantes á Asociación Arela, ben por correo postal (Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo, C.P. 36205 Vigo, indicando no sobre "Concurso Ktorce-18 2018"), ben ao correo electrónico arela@arela.org.

Os traballos admitidos no concurso serán publicados na Web e perfís sociais da Asociación Arela.

As bases do concurso, ficha de inscrición e folha de autorización están dispoñibles nas páxinas web da Fundación Barrié e da Asociación Arela.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes Bases. Poderán ser descartados aqueles traballos presentados que non cumpran os requisitos indicados nas mesmas.

6. XURADO

O xurado, que será nomeado de común acordo polas entidades convocantes, estará integrado por un membro da Asociación Arela, un membro da Fundación Barrié, así como profesionais especializados na temática do concurso.

(A organización resérvase o dereito de propoñer máis persoas ou máis representantes de institucións para que formen parte deste xurado)

7. PREMIOS

O traballo mellor valorado será premiado cunha tirada de camisetas para a aula gañadora ou á que pertenza o alumno/a gañador/a.

Á vista das valoracións do Xurado, as entidades convocantes resérvanse o dereito de outorgar un accésit.

O traballo gañador publicárase en formato *on line* na web da Fundación Barrié e da Asociación Arela así como nos canais habituais de difusión de ambas entidades. Do mesmo modo, poderá ser exposto en actividades e eventos vinculados ao Programa Ktorce-18. Dependendo do deseño gañador, valorárase a inclusión dos logos das entidades convocantes, na impresión das camisetas.

A entrega do Premio celebrarase nunha das sedes da Fundación Barrié (A Coruña ou Vigo) antes do 20 de xuño de 2018.

INFORMACIÓN E CONTACTO

Fundación Barrié (área Acción Social)

www.fbarrie.org

serviciosociales@fbarrie.org

981 060062- 981 221525

Asociación Arela

<http://www.arela.org/>

arela@arela.org

986 212 537

UNIDADE DIDÁCTICA "REDES SOCIAIS"

<http://www.fundacionbarrie.org/material-profesionales-familias>